



**RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA
POLA QUE SE PUBLICA A LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS OBTIDAS POLAS
PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO
PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE POLIQUETOS A PÉ, PARA O EXERCICIO
DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CAIÓN, E AS
PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCESO.**

De conformidade co establecido na base 2. do anexo A da resolución de 24.02.2025 pola que se convocou o proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Caión, esta departamento territorial

RESOLVE:

1º. Facer pública a listaxe provisional das puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de poliquetos a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da confraría de pescadores de Caión.

2º. As persoas aspirantes disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, a contar a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas.

3º. Facer pública a listaxe definitiva das persoas excluídas ao proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión.

As persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4º. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial da Coruña e na páxina web <http://mar.xunta.gal/>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Caión.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal



I.- CAIÓN.- RELACIÓN PERSOAS ADMITIDAS NO PROCESO PARA OBTENIR O PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS A PÉ LISTADO PROVISIONAL

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

I- RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE MARISQUEO NA MODALIDADE POLIQUETOS A PÉ -LISTAXE PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS.

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	D.N.I.	PUNTOS	1	2A	2B	3A	3B	3C	4
SOUTO	GESTAL	JOSÉ-MANUEL	***3805**								
VÁZQUEZ	REGUEIRA	ANTONIO	***1875**								
VÁZQUEZ	REGUEIRA	MARTÍN	***1875**								

Posto que existen tres (3) aspirantes admitidos ao proceso selectivo, que supón un número igual ao de prazas convocadas, non é preciso realizar a baremación nen establecer unha orde de prelación. A orde coa que se amosa o presente listado é alfabética polo primeiro apelido e non determina prioridade a ningún efecto.

Os epígrafes de cada columna son:

- **PUNTOS** acadados en total
- **1.- PARO:** tempo transcorrido como desempleado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes completo durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (**puntuación máxima 3 puntos**).
- **2.- FORMACIÓN:**
2.A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):
 Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé para recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 21.03.2024 da directora territorial da consellería do Mar na Coruña pola que se convoca o proceso selectivo.
2.b TITULACIÓN ACADÉMICA: Graduado en ESO ou equivalente: 0,15 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,35 puntos e Licenciado universitario

ou equivalente: 0,50 puntos. Ás persoas que posúan algunha titulación profesional regulada de acuicultura, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- **3.- EXPERIENCIA PROFESIONAL NA EXTRACCIÓN DE RECURSOS MARIÑOS:**
3A PERMEX A PÉ DE RECURSOS ESPECÍFICOS: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 1 punto por ano completo
3B PERMEX A PÉ DE MARISQUEO XERAL: Nos 2 anteriores á convocatoria, salvo perda por sanción ou incumprimento dos requisitos do plan. 0,5 puntos por ano completo
- **3C ENROLES:** tempo enrolado como percebeiro/a (con acreditación) ou mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade no seu

Dirección Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
direccionterritorial.mar.coruna@xunta.gal



permiso de explotación nos 2 anteriores á convocatoria. 0,04 puntos por mes completo sempre que a actividade rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.

A suma de puntos do apartado de experiencia profesional non superará os 2 puntos máximo

- **4.- PADRÓN:** Por estar empadroado nun concello situado no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria. **2 puntos**

II.- CAIÓN.- RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS DO PROCEDIMENTO

Non hai persoas aspirantes excluídas

